

# Jimena Fernández de la Vega

CIENTÍFICA GALEGA DO ANO



En 2021 a Real Academia Galega de Ciencias escolleuna Científica galega do ano



Jimena



Elisa

Fernández de la Vega

**Elisa e Jimena Fernández de la Vega** foron as primeiras mulleres en obter unha Licenciatura na Universidade de Santiago en 1919. Nadas en 1895 en Vegadeo. Foron homenaxeadas 77 anos despois (1996), cando a institución académica cumpría cincocentos anos. **Só tres anos antes** de ingresar na Universidade publicárase en 1910 o decreto que autorizaba ás mulleres para matricularse en similares condicións que os homes. **O bacharelato estudárono en Lugo** entre 1909 e 1913. Elisa realizou os estudos de secundaria no Instituto de Lugo en réxime de non colexiada, sen asistencia.

O 1 de outubro de 1913 lévase a cabo a apertura de curso no Instituto Xeral e Técnico de Lugo baixo a presidencia do seu director, este lee a memoria e os datos estatísticos, antes de realizar a entrega de premios aos alumnos máis destacados. No cadro de honra están entre outros, en ensino non oficial, Elisa e Jimena Fernández de la Vega e Lombán. **Podería dicirse que este é o nacemento público das avantaxadas estudantes.**

Dous anos máis tarde, en xuño de 1915, infórmase de que no curso recentemente terminado, as alumnas de primeiro curso de Medicina, as lucenses Elisa e Jimena Fernández de la Vega, **mereceron matrícula de honra en todas as materias**, aínda que renuncian aos dereitos que ese galardón lles concedía.

As dúas, sufriron chanzas, burlas e discriminacións por parte de profesores e alumnos na universidade. Pero, aínda así, foron o máis destacado da súa promoción. Aprobáron a Licenciatura e o **Doutoramento en 1921 con sobresaliente**, recibiron a Gran Cruz de Alfonso XII polos seus expedientes e **Jimena obtivo o único Premio Extraordinario que se outorgaba por ano**. A partir de aí as súas vidas tomaron camiños diferentes.

O seu pai, [Wenceslao Fernández de la Vega Pasarín](#), de ascendencia na **Fonsagrada**, é natural de Castroverde, está destinado como médico no Vegadeo finisecular do XIX. Máis adiante volve a Lugo e a Guitiriz. Foi membro da Institución Libre de Enseñanza, fundador e primeiro director do balneario de Guitiriz. **A súa nai, Dolores Lombán Cotatelo**, é de Vegadeo e a ela atribúese o tesón e a forza de vontade das súas fillas.

**Elisa especializouse en Pediatría e Jimena en Xenética**. A Xunta de Ampliación de Estudos aproboulles senllas bolsas para completar estudos no estranxeiro.



**Jimena formouse en varios países europeos e Elisa** puido ir a Berlín pero renunciou para traballar no Hospital do Neno Jesús en Madrid e casar, en 1925, con [Gumerindo Sánchez Guisande](#) (Santiago 1892 - Arxentina 1976) **antigo compañeiro de Medicina** e catedrático de Anatomía en Sevilla e Zaragoza. O matrimonio tivo tres fillos e Elisa compaxinou o seu coidado e educación con clases na Universidade, consultas privadas, artigos **co pseudónimo de Zoraida**, publicación de libros e folletos, conferencias, etc. Investigou e traballou como **profesora de Embrioloxía** na Facultade de Zaragoza e exerceu a

medicina no medio rural. Era unha muller vital e solidaria que chegou a montar un **albergue para indixentes**. Pero en 1933, aos 37 anos, morreu dunha **pneumonía atípica** que ela mesma diagnosticou... No exilio, o seu marido, un personaxe polifacético, inventou o biberón, fundou o fogar de anciáns de Domselar e embalsamou a Castelao. Foi tamén historiador, militante de Esquerda Republicana, edil en Zaragoza, decano da súa universidade e, sobre todo, boa persoa: pola súa xenerosidade e filantropía chamábaselle «**o médico dous nenos pobres**». Ao estalar a guerra, refuxiouse en Santiago e Vilagarcía de Arousa e exiliouse á Arxentina en 1936. Elisa Fernández de la Vega Lombán, aínda que xemelga, nace catro días antes que a súa irmá nun complicado parto.

**Jimena** ampliou estudos de Xenética en Alemaña, Suíza, Italia e Australia cos máis ilustres científicos pero sempre se considerou discípula Pittaluga e Novoa Santos. Tamén foi discípula de Gregorio Marañón. Foi **profesora de Patoloxía** na Universidade de Madrid, promotora e introdutora de modernas teorías en España, publicou libros e recibiu premios e eloxios. Pero a guerra civil truncouno todo e ela viu alterada a súa enorme proxección. **Tivo que exercer como médico militar en Santiago** para coidar a soldados feridos na fronte. O seu irmán Wenceslao, avogado e deputado portelista por Lugo e pai da ex ministra M<sup>a</sup> Teresa Fernández de la Vega foi depurado tras a contenda.

Jimena tamén tivo que facerse cargo dos seus sobriños, ó morrer Elisa e ao ter que exiliarse á Arxentina por ser republicano Gumersindo. Só logrou reunilos con el en 1948. Luciano, faleceu; e os outros dous, Elisa e Wenceslao Sánchez de la Vega, aínda viven en Mendoza e Buenos Aires, respectivamente.

Gumersindo foi director médico do Centro Galego de Buenos Aires e fundou con Antonio Baltar, outro médico galego exiliado, un sanatorio en Mendoza onde foi catedrático da Universidade de Cuxo. Participou nos faladoiros galeguistas do Café Tortoni e en actos do colectivo e chegou a representar á República no exilio. Era membro da logia masónica «Antolín Faraldo» con Seoane, Arturo Cadrado, Elpidio Villaverde, Baltar ou Branco Amor.

En 1955, xa con 55 anos de idade, Jimena, incorporouse como directora ao Balneario de Guitiriz e despois aos de Montemayor (Cáceres), Cestona (Guipúscoa) e Lanjarón (Granada). Morreu en Santiago de Compostela no ano 1984.